

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE CORTEGADA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO MELLORA DA ENVOLVENTE TÉRMICA DA VIVENDA COMUNITARIA

Con data 21 de outubro de 2025, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asinou co Concello de Cortegada un convenio de colaboración para o proxecto denominado "Mellora da envolvente térmica da vivenda comunitaria"

O obxectivo básico da actuación é a substitución da carpintería exterior existente por outra con rotura da ponte térmica e vidro illante, así como as persianas e o illamento das caixas das persianas.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, coopera na realización das actuacións mediante a achega máxima de CINCUENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (59.999,99€) con cargo a seguinte aplicación orzamentaria 05.04.141A.761.1 (CP 2015 00168).

Esta cantidade representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio. O compromiso de gasto contabilizouse o 27 de outubro de 2025 na referencia 2025.05.1446 (índice 2) e número de operación 11 20250520012545

O Concello de Cortegada interesa unha ampliación dos prazos para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e de vixencia do convenio.

Á vista desta solicitude, con data 10 de novembro de 2025 réunese a Comisión Mixta prevista na cláusula décimo cuarta para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio asinado entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Cortegada para a execución do proxecto denominado "Mellora da envolvente térmica da vivenda comunitaria"

Entre as funcións atribuídas á comisión mixta polo convenio atópanse a de propoñer, de ser o caso, addendas.

A Comisión estuda a proposta do Concello, e entende que para tal fin procede a formalización dunha addenda que recolla a:

- A modificación dos prazos establecidos, para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e do prazo de vixencia do convenio, establecidos nas cláusulas sexta e décimo sexta, ata o día 15 de decembro de 2025.

En vista do exposto,



ACORDO

1. Iniciar os trámites en orde á formalización da addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Cortegada para o proxecto denominado "Mellora da envolvente térmica da vivenda comunitaria"
2. Solicitar informe á Asesoría Xurídica, e á Intervención Delegada.

Santiago de Compostela,

O directora xeral de Administración Local

(documento asinado dixitalmente á marxe)

Natalia Prieto Viso

